

# CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

40



1984 - 2024

CDG


O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Axencia Galega das Industrias Culturais.

**Centro Dramático Galego**

Salón Teatro. Rúa Nova, 34  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 881 867 229

[centro.dramatico.galego@xunta.gal](mailto:centro.dramatico.galego@xunta.gal)

[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg\\_salonteatro](https://www.instagram.com/cdg_salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)

**Axencia Galega das Industrias Culturais**

Cidade da Cultura de Galicia  
Edificio Centro de Emprendemento  
Monte Gaiás, s/n


15707 Santiago de Compostela  
Tel. 881 996 073 / 092


[comunicacion.agadic@xunta.gal](mailto:comunicacion.agadic@xunta.gal)

[prensa.agadic@xunta.gal](mailto:prensa.agadic@xunta.gal)

[industriasculturais.xunta.gal](http://industriasculturais.xunta.gal)

 [industriasculturaisxunta](https://www.facebook.com/industriasculturaisxunta)

 [industriasculturais](https://www.instagram.com/industriasculturais)

 [industriasculturais](https://www.youtube.com/c/industriasculturais)



40

1984 - 2024

**CDG**



40

1984 - 2024

**CDG**

# CENTRO DRAMÁTICO GALEGO: O TEU TEATRO

Fran Núñez | Director do Centro Dramático Galego

O teatro é unha forma de expresión artística que leva sobrevivindo ao longo dos séculos, unha forma de vida, de encontro, que ofrece unha experiencia única tanto para quen crea como para o público. No noso país, o teatro e as artes escénicas mantéñense vivas grazas á paixón e compromiso de artistas, compañías teatrais, público e institucións. É precisamente ese amor pola escena o que nos impulsa a crear unha programación ambiciosa que se desenvolverá dentro e fóra das nosas fronteiras para celebrar o noso aniversario.

O Centro Dramático Galego chega aos 40 anos neste 2024 e por este motivo afrontámolo cun proxecto especial e singular asentado en dous eixes fundamentais: a memoria do noso oficio e o encontro coa cidadanía.

Nos últimos anos o Goberno galego promoveu unha Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia que garantirá os dereitos culturais de toda a nosa cidadanía. O dereito a crear cultura e o dereito a gozar da cultura, independentemente do lugar que escolliches para vivir dentro do noso territorio ou da túa situación persoal e necesidades, e esta programación está en consonancia con esa liña de traballo.

A poboación galega aséntase nas cidades, principalmente no eixe Atlántico, esa especie de imán que supón a AP9, a depresión meridiana. A nosa programación debe atender a esa realidade, pero que pasa co resto dos nosos veciños e veciñas? Levar os nosos proxectos fóra das cidades é unha forma de achegar as propostas do Centro Dramático Galego a comunidades que, doutro xeito, non terían acceso a elas. A través desta iniciativa, buscamos achegar o teatro a todas as persoas, independentemente do seu lugar de residencia ou do seu nivel socioeconómico. A programación desta temporada busca tamén poñer en valor o patrimonio cultural e artístico das nosas vilas, potenciando a representación de obras en espazos ao aire libre, en lugares do noso patrimonio arquitectónico e natural, para que todos poidan gozar da arte dun xeito natural e próximo.

En paralelo, o Centro Dramático Galego manterá o sistema de autobuses para o público e promoverá a accesibilidade tanto na creación como na recepción. Traballaremos para difundir o teatro galego no exterior mediante proxectos europeos como o Erasmus+ con Francia e Portugal, da man das escolas superiores ou o Creativa Europa sobre linguas minoritarias e minorizadas no que participan estruturas de Alemaña, Francia, Italia, Irlanda, Países Baixos, Noruega ou Romanía. Realizaremos un especial esforzo para potenciar a nosa relación coa lusofonía con numeras coproducións con Portugal e O Brasil neste 2024, seguindo a liña histórica do Centro Dramático Galego. As persoas que hoxe traballamos no CDG temos o deber de continuar coas liñas de traballo dos anteriores equipos de dirección para adaptalas e poñelas en diálogo co noso presente.

As institucións son as persoas que traballan nelas e as que gozan dos seus servizos. No caso do Centro Dramático Galego son moitos os profesionais e espectadores que dun lado e outro do pano acompañaron estes 40 anos. Dende os directores e directoras da institución ata os equipos técnicos, pasando polos elencos, equipos artísticos, persoal de administración, compañías, teatros, programadores, empresas auxiliares e un sen fin de profesionais que foron escribindo a nosa historia da man do público. Público diverso e plural, de todas as idades, orixes e condicións. Público escolar e público adulto. Dentro e fóra de Galicia. En grandes teatros e en espazos non convencionais, saíndo ao encontro da cidadanía. Dende Negueira de Muñiz a Buenos Aires. Do festival de Cangas ao de Manizales.

Grazas a todos e todas vós, o Centro Dramático Galego chega aos 40 anos con boa saúde e con vontade de seguir dando servizo ao sector e á nosa cidadanía, e de celebralo do mellor xeito que sabemos, nas táboas.



# SER TEATRO PÚBLICO EN 2024

## Rachando barreiras xeográficas, mentais e físicas

Cumprida unha traxectoria de catro décadas, o Centro Dramático Galego continúa fiel aos seus obxectivos fundacionais respecto á difusión destas tres liñas programáticas:

- A dramaturxia galega fundamental
- Grandes obras do patrimonio universal en versión galega
- Autoría e creacións galegas contemporáneas

Mais o nivel de esixencia para unha compañía pública de teatro, cando estamos a piques de acadar o primeiro cuarto do século XXI, transcende, con moito, o ámbito de acción meramente programático, para centrar os seus esforzos en liñas e xeitos de traballo que acaden un teatro para todas e todos. Non cabe a exclusión nos patios de butacas nin o esquecemento do público das vilas que non teñen teatros.

E, ao tempo, un Centro Dramático Galego de 2024 ten que ser quen de recoller o testemuño de todo o talento escénico do país para proxectalo cara ao exterior nunha dinámica de intercambio rico e produtivo para creadores e intérpretes. A participación e liderado en proxectos internacionais sitúa o noso teatro con voz propia nunha escena globalizada na que Galicia ten o seu espazo.

Así, o Centro Dramático Galego conmemora o seu 40º aniversario con espectáculos e proxectos que vertebran todo un ano de celebración a través da actividade de profesionais e público, arredor de dous eixos fundamentais:

- Accesibilidade
- Internacionalización e acción exterior

Estamos xa inmersos nun ano a pleno rendemento de actividade que teremos rematado sendo quen de poñer en pé ou ter participado en 15 espectáculos ou proxectos escénicos. Despois de **Hamlet, o de Cunqueiro** e de **Míticas pero secundarias** (os dous títulos dentro do ciclo Clásicas Desfeitas), e de **Manuela Rey Is In Da House**, continuaremos o noso periplo con **Os actos e as profecías, De Vilatriste a Vilalegre, Terceiro acto** e outras nove coproducións: **O**

**corazón na boca, Na hora dos cans, Territorios de liberdade, Frágua de amor, Nada se sabe, Proxecto Curtas - Entrepalav.bras, Fear Liath, Cores** e mais o programa **Quintas do Camões**.

E tendo sempre presente que debemos o que somos ao traballo de tantas persoas que nos trouxeron ata aquí. A súa homenaxe e agradecemento vai tamén unha parte destacada da nosa programación de aniversario, como é a recuperación da montaxe *Terceiro acto* ou a xornada de portas abertas coa *Visita dramatizada* ao Salón Teatro que levaremos a cabo o 27 de marzo de 2024, Día Mundial do Teatro, xusto 40 anos despois do día en que a Xunta de Galicia anunciou a creación dun Centro Dramático Galego.

## ACCESIBILIDADE

O Centro Dramático Galego ten o seu máximo interese en promover unha oferta diversa e accesible para toda a cidadanía. E para garantir esa accesibilidade deben quebrarse barreiras xeográficas, mentais e físicas.

Barreiras xeográficas coa idea de "O teatro quédame lonxe". O CDG desprazouse en xira a máis de 50 concellos galegos diferentes nos últimos anos e con estratexias novidosas facendo temporadas en pequenas vilas cabeceira de comarca, demostrando que un espectáculo pode permanecer máis dun día en cartel. Por outra banda, con outras montaxes favoreceuse o desprazamento ao Salón Teatro de públicos chegados de todo o territorio en autobuses impulsados pola Xunta de Galicia dende pequenos concellos que non teñen infraestrutura para acoller un espectáculo de gran formato.

Neste 2024 o obxectivo é que as nosas actividades cheguen mediante a mobilidade en autobuses e a xira de producións e coproducións a preto da metade dos concellos do noso país, concellos cunha poboación que, na súa suma, pode chegar a ser superior ao 75 % do total.

Do mesmo xeito, existen barreiras mentais como "O teatro non é para min". Pois no CDG do 2024, con

certeza toda a cidadanía atopará dentro da variedade de estilos e formatos algún que encaixe cos seus gustos. O teatro público é a casa de todos e todas. Non sobra ningúen.

Por último, queremos eliminar as barreiras físicas para as que o CDG puxo en marcha SINTE, un novidoso sistema de accesibilidade que permite que persoas con discapacidade visual ou auditiva poidan acceder a todas as sesións a partir da segunda semana de exhibición, grazas aos sobretítulos adaptados para persoas xordas locutivas, linguaxe de signos para persoas xordas prelocutivas e audiodescrición, da man da ONCE para persoas cegas. Do mesmo xeito, os mércores do Salón Teatro, nas semanas nas que amosamos as nosas producións, aséntanse xa como funcións descontráidas que se desenvolven nun ambiente máis relaxado do habitual, con media luz de sala, reforzo no persoal de acomodación e maior permisividade respecto a ruídos ou movementos de entrada e saída. Deste xeito, créase unha atmosfera acolledora na que se sintan cómodas persoas con déficit de atención, espectro autista ou deficiencias intelectuais ou sensoriais. Como complemento a estas funcións o CDG ofrece os seus programas de man adaptados a lectura fácil. Ademais, o Salón Teatro conta cun sistema que permite o acceso ao patio de butacas de persoas con mobilidade reducida.

## INTERNACIONALIZACIÓN E ACCIÓN EXTERIOR

A estratexia do CDG neste ámbito atinxe tres liñas xerais de traballo que atenden a nosa realidade lingüística, xeográfica e histórica. Entre estas accións destacan as vencelladas a tres programas ou liñas estratéxicas: as asociadas cos proxectos europeos PHŌNĒ e NÓS/NOUS, así como unha especial atención ás relacións con Portugal e con toda a cultura lusófona.

### PROXECTO PHŌNĒ

*Phōnē – Giving Minority Languages a Voice* é un proxecto internacional que ten por obxectivo contribuír á salvagarda e promoción da diversidade cultural e lingüística en Europa. O proxecto desenvólvese entre 2022 e 2024 e conecta as persoas que pertencen a unha minoría lingüística nos seus países cos valores europeos alén das fronteiras lingüísticas e culturais.

Dez institucións están a cooperar por primeira vez, abrindo novos camiños para o sector do teatro en

linguas minorizadas e minoritarias (RML) e mellorando a súa posición a nivel nacional e internacional. Neste sentido, Phōnē é a primeira gran colaboración internacional entre teatros que traballan polas linguas minorizadas.

O proxecto Phōnē fai unha contribución activa á vitalización das linguas minorizadas e dálles unha voz, un escenario e unha plataforma para o intercambio internacional. As linguas en perigo, así como os seus teatros, deben ter éxito ao transmitir a súa cultura/idioma ás xeracións futuras por iso, a mocidade é o principal grupo obxectivo do programa.

Ao abeiro do Phōnē realizaranse encontros internacionais, residencias, podcast e producións teatrais tanto profesionais como amadoras.

Trátase dun proxecto cofinanciado pola Unión Europea no que o Goberno galego traballa man a man xunto a dez socios internacionais. Dunha banda, as compañías teatrais Fryske Toaniel Stifting Tryater (Países Baixos), Deutsch-Sorbisches Volkstheater Bautzen (Alemaña), Teatrul Evreiesc de Stat (Rumanía), Stadttheater (Italia), Fibin Teo (Irlanda), Teatr piba (Bretaña / Francia) e o Kvääniteatteri (Noruega). Deste xeito estarán representados xunto co galego o frisón, o alto e o baixo sorobio, o yiddish, o ladino, o gaélico, o bretón e o kven.

Dentro das actividades de Phōnē sitúanse a mesma produción de *Os actos e as profecías*, con dirección de Tamara Canosa, autora tamén da dramaturxia xunto a Xacio baño, e mais o espectáculo de teatro comunitario *O corazón da boca*, con dramaturxia de Nauta e dirección de Rafael Rey no que participan como actores e actrices membros dos diferentes grupos asociados á Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) terá a súa estrea en abril de 2024 compartindo escenografía con *Os actos e as profecías*. Pola súa banda os aderezos e vestiario desta peza realizaranse no marco da colaboración cos diferentes ciclos formativos do IES A Pinguela de Monforte.

### Noite internacional

As Noites Internacionais de Teatro (ITN) amosan partes dos proxectos que desenvolve cada teatro. En cada un dos oito teatros asociados poderanse ver fragmentos de dúas das pezas co-creadas polas compañías dando ao público a oportunidade de escoitar tres linguas minoritarias ou minorizadas europeas no escenario nunha soa noite.



En Galicia a Noite Internacional terá lugar o sábado 4 de maio e a acción realizarase na fachada do Salón Teatro coa participación de artistas de Galicia, Romanía e Tirol que falarán en galego, ladino e yiddish no marco do Festival Escenas do Cambio que organiza a Cidade da Cultura de Galicia.

En paralelo ao proxecto *Phōnē* realizaranse tamén os espectáculos *Fear Liath*, con dramaturxia de Philip Doherty en coprodución co Fíbin-An Taibhdhearc / National Irish Language Theatre (estrea prevista en Galway, Irlanda, en xullo de 2024) e mais o espectáculo para a infancia *Cores*, con dramaturxia de Gustavo del Río en coprodución co Deutsch-Sorbische Volkstheater Bautzen/Němsko-Serbske Ludowe Dźiwadło Budyšin (estrea prevista en Bautzen, Alemaña, en setembro de 2024).

## PROXECTO NÓS/NOUS

O Proxecto Nós/Nous é un proxecto pedagóxico internacional que pretende afondar no intercambio de cultura teatral entre Galicia, Portugal e Francia promovendo a profesionalización e internacionalización do alumnado das escolas superiores de teatro ao final da súa carreira académica, en contacto con creadores de renome internacional.

Así, na actualidade participan a ESAD de Galicia, o Centro Dramático Galego a ESMAE (Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo), o Teatro San João., a ESTC (Escola Superior de Teatro e Cinema), o Teatro Nacional Dona María II. A ENSATT (Ecole Nationale Supérieure des Arts et Techniques du Théâtre) e o teatro Les Celestines de Lyon.

O Proxecto NÓS/NOUS está baixo o paraugas do programa europeo Erasmus+ nun convenio K2 firmado entre os tres países, sendo Europa que subvenciona unha parte dos gastos derivados do Proxecto.

Baixo o paraugas do Erasmus+ realizaranse tres espectáculos. No ano 2022 púxose en escena *Tartufo* de Molière con dirección de escena e adaptación de Tonán Quito, no ano 2023 presentouse *Ifixenia* de Tiago Rodríguez con dirección de Claudia Stavisky e por último en 2024 artículase o espectáculo *Na hora dos cans* con dramaturxia de Ana Carreira e dirección de Nuno M. Cardoso.

## LUSOFONÍA

Para o Centro Dramático Galego resulta de vital importancia de manter e potenciar en cada temporada os vínculos de creación escénica entre Galicia e os países de lingua galego-portuguesa cunha especial atención, por razóns de proximidade xeográfica ou histórica a Portugal e Brasil.

En primeiro lugar, a colaboración teatral entre Galicia e os países de fala lusófona ofrece a posibilidade de enriquecer as producións artísticas fusionando diferentes perspectivas, estilos e tradicións escénicas. A diversidade cultural intrínseca a cada país pode dar lugar a representacións teatrais innovadoras e significativas que reflicten a identidade compartida da lusofonía. Este intercambio non só reforzaría os lazos culturais, senón que contribuiría ao desenvolvemento artístico e á promoción das artes escénicas en ambas comunidades.

Ademais, a creación escénica conxunta pode xogar un papel crucial na difusión da lingua portuguesa tal e como se recolle na Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Neste ano 2024 a programación do Centro Dramático Galego inclúe numerosas colaboracións como son o proxecto *Hamlet, o de Cunqueiro, Territorios de liberdade, Frágua de amor*, o Proxecto Curtas e o programa Quintas do Camões.

***Hamlet, o de Cunqueiro*** é o Volume IX das Clásicas Desfeitas do Centro Dramático Galego. Trátase dunha coprodución con Boccacchione (Brasil), Marinita y sus maromas (Galicia) coa colaboración do grupo de investigación ComTecArt da Universidade de Vigo no contexto das Residencias Artísticas do Gaiás - REGA 2024 da Cidade da Cultura de Galicia. Unha proposta multidisciplinar que mestura dúas disciplinas aparentemente inconexas entre si: o teatro e os videoxogos. Tamén fai mestizaxe da cultura galega e a brasileira usando como vehículo un extracto de *O incerto señor don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, que se hibrida co relato *A cartomante*, de Machado de Assis —unha das figuras máis relevantes da literatura brasileira—, mais unha aparición invitada collida directamente da obra orixinal de Shakespeare.



***Territorios de liberdade*** é unha coprodución coas compañías Varazim Teatro (Portugal) e Tanxarina (Galicia) para conmemorar o 50 aniversario da revolución dos caraveis. Con dirección de Quico Cadaval e dramaturxia de Zé Paredes é unha reflexión arredor da palabra liberdade: a propia e a allea, a actual e a pasada. Liberdade en distintos territorios dun e doutro lado das fronteiras. Historias contadas por uns e máis tarde contadas por outros. Tendo na súa orixe dúas olladas, unha de cada lado da fronteira pero cun mesmo horizonte: a liberdade.

***Frágua de amor*** é unha coprodución con importantes estruturas portuguesas como A Escola da Noite —Grupo de Teatro de Coimbra, Artway, Cendrev— Teatro Garcia de Resende, O Bando de Surunyo, Teatro Académico de Gil Vicente e o Teatro Nacional São João para poñer en escena o texto de Gil Vicente. Unha proposta de gran formato con 17 artistas en escena con dirección de António Augusto Barros.

**O Proxecto Curtas** é unha coprodución e residencia artística cruzada entre Teatroensaio (Portugal) e Butacazero (Galicia). Un programa dobre en coprodución con residencias de creación en Galicia e Portugal para reflexionar sobre o teatro como

territorio e o significado actual de teatro político e popular. As pezas teñen dirección dunha banda de Pedro Estorninho e da outra de Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira.

**As Quintas do Camões** é unha iniciativa do Instituto Camões en colaboración do Centro Dramático Galego. Supón un espazo de intercambio que pon o foco nas raíces comúns dos idiomas galego e portugués, ademais de incidir no papel do teatro como espazo para o encontro cultural. Entre outras pezas, a programación deste ano inclúe a montaxe de *As bruxas de Salem* producida polo Teatro Nacional São João con dirección de Nuno Cardoso no Auditorio de Galicia en colaboración co Concello de Santiago de Compostela.





# ESPECTÁCULOS







# OS ACTOS E, AS PROFECÍAS

**PRODUCCIÓN PROPIA** NO MARCO DO PROXECTO CREATIVA EUROPA  
*PHŌNĒ DÁNDOLLES ÁS LINGUAS MINORIZADAS UNHA VOZ*

*Os actos e as profecías inventa un universo arredor dos talent shows como espazo de xogo para lanzar ao aire elementos como o lugar do público na creación hoxe en día, a fama, a competición e as decisións vitais marcadas pola procura do éxito. Nunha liña: tes que aceptar a noite para poder vernos.*

**DIRECCIÓN:** Tamara Canosa

**DRAMATURXIA:** Xacio Baño e Tamara Canosa

**ELENCO:** Sergio Abelaira, Marta Alonso Tejada, Mónica Camaño, Miguel Canalejo, Isolda Comesaña, Manuel Cortés, Antón Coucheiro *Cou*, Iván Davila, Raquel Espada, Xosé Manuel Esperante, Alba Fernández Cotelo, Sara Ferro, Atenea García, Miguel Gendre, Raquel Nogueira Watson, Alba Recondo, Ana Santos Maneiro, Lois Soaxe, Jorge Varandela e Antía Vidal

**VESTIARIO E CARACTERIZACIÓN:** Montse Piñeiro e Marta Ferrer Ucelay

**MOVEMENTO:** Rut Balbís

**ESPAZO ESCÉNICO:** José Faro

**ILUMINACIÓN:** Iván Núñez Casal e José Faro

**ESPAZO SONORO:** Xosé Lois Romero

**AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Laura Míguez

**ESTREA:** 11 de abril de 2024

**FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA:** do 11 de abril  
ao 26 de maio de 2024

## ENTRE A VIDA E OS SOÑOS por Tamara Canosa

“Na noite non hai rezo posíbel, todo fica de aquí.  
Mais se aínda arde é que hai luz”.

Estes versos de Fran Cortegoso despertaron en nós a intuición dunha proposta formal para falar do punto de encontro entre o desexo e o que acontece. Abriron unha porta para asomarnos á veta que une presente e teatro e activaron a necesidade de mergullarnos no misterio que sostén tantas almas pululando arredor da proxección dunha ficción sobre nós mesmas.

Sempre hai pretensión no acto de falar sobre un espectáculo antes da súa estrea, antes de existir. Todo o que digamos é unha idea, unha aspiración. A nosa profecía. Mais se queremos apuntar que sentimos claramente que o mundo dos chamados *talents shows*, espectáculos televisivos que combinan telerrealidade e concursos de talentos, conteñen moitas fendas vitais con potencialidade para amosar os puntos de fricción entre a vida e os soños, entre a vida desexada, soñada, idealizada, e o presente. A necesidade de ser, de amosarse, de gañar, de triunfar. As urxencias da vida, dos coidados, as dificultades etc. A confrontación, en definitiva, dos soños propios co contorno. Mais no fulgor televisivo atopamos tamén unha invitación á celebración a pesar de todo. A sorrir e brillar e tirar para adiante aínda que o chan estea abríndose baixo os nosos pés. Diso vai o mantra do *Show must go on*. E a vida, a vida tamén é un pouco iso, non? Avanzar a pesar de todo, como as bandadas, as mandas, os bancos de peixes. Nalgún momentos escribimos algo como: “Nada hai máis cruel que a vida, que avanza coa determinación das feras”. Isto, dalgunha forma, é o que atopamos no verso de Cortegoso e o que supón o motor interno de *Os actos e as profecías*.

Resulta que os insectos voan desorientados arredor dunha lámpada porque a súa referencia lumínica natural son os corpos celestes e precisan darlle as costas á luz para orientarse. Dar voltas no ceo e consumirnos polo lume. Un impulso que está nas noites, que está na vida e que está e estará sempre no teatro.





## Tamara Canosa

### DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

Directora de escena, produtora e actriz. Nada na Coruña no seo dunha familia moi numerosa nun "narcobarrio". En primaria quedaba co seu mellor amigo para ler a Shakespeare e facer teatro nunha alfombra. Estudou Dereito porque o dos estudos artísticos no Birloque era como querer ser astronauta, pero tivo a sorte de que fixeran unha audición no seu instituto para unha serie de televisión que a rescatou da falta de horizontes. Dende entón ten encarnado personaxes en teatro, televisión e cinema e recollido varios premios por eles. Polo camiño recolle outros diplomas e funda Rebordelos con Xacio Baño para poder crear pezas de teatro (que dirixe) e de cinema autorías (que produce) coas que viaxan a algún dos festivais de cinema máis prestixiosos de Europa. Dirixiu *Liberto*, de Gemma Brió, acadando sete candidaturas finalistas e dous Premios María Casares (mellor actriz para Rocío González e mellor música orixinal para Lucía Aldao) e o Premio do Público na Mostra de Teatro de Malpica. O segundo espectáculo da compañía foi *Amantis [selfies, sexting e outras formas de amar(se)]*, con texto coescrito con Xacio Baño. A peza foi seleccionada no Camiño Escena Norte e obtivo o Premio do Xurado Novo ao mellor espectáculo xuvenil da programación Compostela Cultura 2023. En 2023 estrea como directora *Soños*, con texto de Fernando Epelde e produción de Culturactiva para público escolar.



## Xacio Baño

### DRAMATURXIA

Nado en Xove (1983). Guionista e director de cinema afincado na Coruña. As súas obras filmicas viaxaron por festivais de medio mundo coma os de Locarno, San Sebastián, Telluride. MoMA NewFilms/NewDirectors, Busan, Viennale, BAFICI, Mar Del Plata etc. En 2015 foi escollido pola revista Variety como una das 10 promesas do cinema español. O mesmo ano participa na residencia artística Ikusmira Berriak, que forma parte do festival de San Sebastián. En 2018 estrea a súa primeira longametraxe de ficción *Trote*. As súas obras traballan a forma audiovisual, exploran as posibilidades da linguaxe e pelexan por espazos de hibridación entre as artes. En 2022 coescribe a obra teatral *Amantis [selfies, sexting e outras formas de amar(se)]*. Tamén é o responsable dos audiovisuais da mesma obra. No 2023 coescribe, xunto con Tamara Canosa, a obra do 40º aniversario do CDG que se estreará en 2024. Crea e desenvolve proxectos na empresa cultural Rebordelos.





# DE VILATRISTE A VILALEGRE

**COPRODUCCIÓN CO PROXECTO A UTÓPICA RODANTE  
CON TEATRO Ó CUBO**

*Nas aforas de Vilatriste hai unha lagoa da que emana unha brétema misteriosa que impregna o aire cunha estraña tristeza. Uns novos moradores descubren que se beben das súas augas adquiren un superpoder que os dota de capacidades extraordinarias. Pero as habitantes de Vilatriste ignoran todos estes efectos. Cando estes forasteiros intentan compartir o seu achado atopan de fronte a desconfianza e rexeitamento dos veciños. A morte do alcalde vello e a chegada do novo traen consigo toda unha serie de transformacións cunhas escuras intencións. Trepas é o alcume dun xove habitante de Vilatriste enredado inesperadamente nunha singular aventura: salvar a vila das fauces dun malvado dirixente. Axudado por unha singular superheroína descubren a fórmula para vencer ao seu inimigo pero... funcionará?*

**DRAMATURXIA:** Roi Vidal Ponte

**DIRECCIÓN:** Sofía Espiñeira López e Roberto Casal Mouriño

**ELENCO:** Uxía Algarra Cajide e Roberto Casal Mouriño

**ESCENOGRAFÍA:** Beatriz de Vega

**VESTIARIO:** Carmen Pichel

**MÚSICA:** Brais das Hortas

**ESTREA:** 12 de maio de 2024 en Negueira de Muñiz (Lugo), o concello con menos habitantes de Galicia.

**XIRA:** do 12 de maio ao 15 de setembro de 2024, este espectáculo rodante chegará a máis de 100 concellos, dos que xa están confirmados 24 na provincia da Coruña, 28 na de Lugo, 21 na de Ourense e 26 na de Pontevedra, ademais de a Lubián, en Zamora.



## **A UTÓPICA RODANTE. UNHA MISIÓN MÁIS ALÁ DO CENTRO** por Roi Vidal

*A Utópica Rodante* é un proxecto de produción escénica no ámbito do teatro de obxectos que ten dous obxectivos fundamentais. Por unha banda, facer un espectáculo para todos os públicos arredor do concepto de utopía e da realidade social no rural galego. Pola outra, contribuír á celebración do cuadrexésimo aniversario da creación do Centro Dramático Galego.

Partindo do estudo do concepto de utopía o noso espectáculo centrará a súa atención no retrato sociolóxico dese grupo social que poderíamos mencionar como neohippis, caracterizado pola asunción dunha boa parte dos ideais dos movementos contraculturais e as ideoloxías inconformistas que xurdiron na segunda metade do século XX (feminismo de terceira vaga, pacifismo, amor libre, antiglobalización, ecoloxismo, etc).

Na Galiza destas primeiras décadas do século XXI, a ideoloxía *neohippi* leva a unha serie de persoas a adoptar modos de vida baseados nunha forte responsabilidade ecolóxica e no afastamento voluntario das derivas máis produtivistas do sistema hexemónico, e moitas veces incluso se chegan a

constituír comunidades en núcleos de poboación rurais semibaleirados que lles ofrecen propiedades a bo prezo para poder desenvolveren o seu proxecto de vida. O noso camiión fará unha xira por estes mesmos territorios para simbolizar esta viaxe á contra e visibilizar o choque cultural entre estes grupos humanos e os habitantes autóctonos aparentemente adaptados ao sistema.

A nosa visión terá por forza que ser satírica, e para iso utilizaremos a linguaxe radical dos monicreques. O dinamismo do argumento traerá as gargalladas e a provocación, pero tamén o pensamento crítico e o autorrecoñecemento. Personaxes que saltan da viñeta ao teatro para representarse e representarnos.

Ademais, de cara a celebrar o 40º aniversario da creación do Centro Dramático Galego o argumento do texto seguirá un esquema narrativo baseado na propia historia do teatro galego dos últimos 60 anos, desde a aparición dos primeiros grupos de teatro independente ata a propia creación do CDG en 1984, pasando pola época de efervescencia colectiva dos anos 70 coa Mostra de Ribadavia como eixo climático e a profesionalización como punto de xiro.



## Sofía Espiñeira e Roberto Casal Mouriño

### DIRECCIÓN

Sofía Espiñeira é licenciada en xornalismo pola Universidade de Santiago de Compostela. Desde que realizaba os seus estudos tivo predilección polas artes escénicas e do movemento. Bailarina, actriz, compositora e intérprete musical, recibe formación en artes circenses e danza contemporánea, como profesora de ioga e pilates, e en música e canto, nunha busca desa linguaxe artística propia que fala a través do corpo e das súas calidades expresivas. Co-creadora da compañía Teatro O Cubo desde o 2016, participa tamén noutros proxectos como *Impreuna* (Pistacatro), *Dreaming Juliet* (Elefante Elegante ou *Un hotel de primeira sobre o río* (Centro Dramático Galego). Ademais, desde o 2016, interpreta o seu propio repertorio musical publicando dous traballos: *Alá onde agroman as herbas* (2016) e *Xeografías* (2024). En 2022 gaña o Premio Martín Códax da Música na categoría de Canción de autora.

Roberto Casal Mouriño é graduado en dirección de escena pola Escola de Arte Dramático de Galicia co premio fin de carreira da Xunta de Galicia. Recibe formación como construtor e manipulador de

monicreques durante 8 anos nas formacións promovidas por UNIMA (Unión Internacional da Marioneta) e impartidas por mestres como Greta Bruggeman, Sylvie Osman, Duda Paiva, Ángel Calvente, Paco del Águila, Stephen Mottram ou Manuel Román, entre outras. Técnico superior en animación sociocultural e director de escena proxecta o seu traballo creativo cara a sociedade para promover as artes escénicas como punto de encontro da comunidade. Traballa actualmente como docente na Escola de teatro e danza Espazo Aberto en Compostela, nas aulas municipais de teatro do Concello de Redondela e realiza proxectos comunitarios e obradoiros para promover un teatro por e para o pobo. Dirixe a obra *Asfixia de Vórtice* escénico, gañadora do Xuventude Crea 2022, na modalidade de teatro. É co-creador, xunto a Sofía Espiñeira, da compañía Teatro O Cubo co obxectivo de atopar un espazo onde converxer todas as inxedanzas artísticas e darlles unha dimensión escénica propia.



## Roi Vidal Ponte

### DRAMATURXIA

Roi Vidal Ponte é licenciado en Filloxía Galega pola USC e graduado en Dirección de Escena pola Escola de Arte Dramático de Galicia e conta ademais cun mestrado en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Compaxina a docencia na ESAD con actividades artísticas como dramaturgo e director. No 2016 dirixe e escribe para Títeres Alakrán *Os soños na gaiola* de Manuel María a partir dos poemas do poeta chairego e o seu texto *O asasinato de Zinaida Reich* é seleccionado polo Instituto Nacional das Artes Escénicas e da Música (INAEM) para o Programa de Desenvolvemento de Dramaturgias Actuais. No 2017 gaña o XII Premio Abrente co texto *Poesía (materiais para montar unha escena de cama)* e o XII Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para adultos,

coa obra *Marcha fúnebre para un monicreque*, texto que pon en escena os Monicreques de Kukas no mesmo ano. Ten publicada unha diversa obra literaria en narrativa, poesía e teatro, entre a que podemos destacar os últimos títulos: *Boisaca ou a divina desgraza*, publicada no volume conxunto *Neorretranca e Posmorriña* (Positivas, 2019) e posta en escena polo Centro Dramático Galego no mesmo ano baixo a dirección de Gena Bahamonde; ou *Biona* publicado en *DramaturGA 20: 11 textos breves* (Invasoras, 2020). É cofundador de Dramaturga, membro do consello de redacción da revista Erregueté e director artístico do proxecto de inclusión teatral Xanela, no que leva xa dous traballos presentados: *Disparos de luz. A orde do caos* (2023) e *Pon o teu propio título* (2022).



## Teatro Ó Cubo

### A COMPAÑÍA

Teatro Ó Cubo está formado por Sofía Espiñeira López e Roberto Casal Mouriño. Os seus espectáculos están dirixidos a todas as idades, particularidade que trata co máximo respecto, rigor e atención na confección das súas propostas. Cun impulso creador, amante da artesanía, da proximidade, da sinxeleza e da fantasía sen complexos amosan un teatro con moito movemento, humor e xogo escénico. Dende a súa creación produciron espectáculos como *O Faiado*, *Ghop*, *Nube Nube Sol* ou *Ningures*.





# MANUELA REY IS IN DA HOUSE

**COPRODUCCIÓN CO TEATRO NACIONAL SÃO JOÃO,  
TEATRO NACIONAL DONA MARIA II DE LISBOA E  
TEATRO DO NOROESTE / CENTRO DRAMÁTICO DE VIANA**

*Manuela Rey, "a muller lirio" é máis que unha liña no libro de enterramentos do Cemitério dos Prazeres de Lisboa. É un misterio que comeza en Mondoñedo, nunha casa na aldea en 1842, e remata no Teatro Nacional Dona Maria II de Lisboa. De Mondoñedo a Lisboa. De Galicia a Portugal. 23 anos de vida. 23 de teatro. Como reconstruír unha vida da que só temos anacos soltos e contraditorios.*

**DIRECCIÓN E DRAMATURXIA:** Fran Núñez

**TEXTOS:** Manuela Rey, Almeida Garret, Eduardo Augusto Vidal, Ernesto Marecos, Paula Ballesteros, Sousa Bastos, Xaquín Núñez Sabarís, Antonio Manuel da Cunha Belem e elenco

**ELENCO:** Mariana Carballal, Neto Portela, Nuno J. Loureiro, Rafaela Sá, Raquel Crespo, Teresa Vieira e Xosé Lois Romero

**APOIO Á CREACIÓN:** Neto Portela

**MÚSICA:** Xosé Lois Romero

**ESCENOGRAFÍA E FIGURINOS:** Pedro Azevedo

**DESEÑO DE LUZ:** Nuno Meira

**APOIO AO MOVEMENTO:** Guilherme de Sousa

**APOIO HISTÓRICO:** Paula Ballesteros (investigadora Incipit/CSIC)

**COLABORACIÓN ESPECIAL:** Paula Mora (última actriz residente do TNDMII)

**CESIÓN DE DOCUMENTOS:** Andrés García, Antonio Reigosa, Consello da Cultura Galega, Teatro Nacional Dona Maria II e Museu Nacional do Teatro

**CONSULTORÍA LINGÜÍSTICA EN GALEGO:** Rosa Moledo

**CONSTRUCCIÓN DE ESCENARIO:** Equipo Centro Dramático Galego

**COLABORACIÓN ESPECIAL:** Paula Ballesteros (Consello Superior de Investigacións Científicas – Instituto de Ciencias do Patrimonio)

**ESCENARIO E FIGURINOS:** Acervo histórico do Teatro do Noroeste – Centro Dramático de Viana, Centro Dramático Galego, Teatro Nacional São João e Teatro Nacional Dona Maria II

## **ESTREA:**

**Portugal:** 10 de novembro de 2023, Teatro Municipal Sá de Miranda, Viana do Castelo

**Galicia:** 14 de marzo de 2024, Teatro Principal, Santiago de Compostela

**XIRA:** de marzo a xullo de 2024. Viana do Castelo | Santiago de Compostela | Porto | Almada | Lisboa



## **UN MISTERIO NOS TEATROS DE GALICIA E PORTUGAL por Fran Núñez**

Da vida de Manuela pouco sabemos. Crese que era filla de Andrés Rey Expósito e Francisca González, que casaron despois de que Manuela nacera, en marzo de 1842, e que era a máis vella de oito irmáns. Sabemos que con seis anos foi entregada a unha compañía dramática itinerante coa que xirou por León, Palencia, Bragança, Valença, Ponte de Lima, Viana do Castelo, Régua, Porto para xa orfa de familia adoptiva chegar a Lisboa e triunfar no Teatro Nacional Dona Maria II e morrer como unha estrela con 23 anos. Manuela Rey é Historia esquecida do teatro galego e portugués. Actriz. Escritora. Neste espectáculo tentamos recuperar a súa memoria. Porque sen memoria non hai Historia.

Din que o teatro debe facer preguntas e dar poucas respostas. Este proxecto parte desa premisa por necesidade e por convicción. Os teatros públicos teñen, entre as súas responsabilidades, a da protección e difusión do patrimonio teatral do seu país. Parece que, tanto dun lado coma do outro da nosa fronteira, esquecemos valorar unha das nosas grandes actrices. Outro patrimonio común entre Galicia e Portugal perdido na memoria dos dous territorios. Neste espectáculo é case unha obriga e un deber para todos cantos nel participamos, restituír o lugar que lle corresponde, na historia do noso teatro, a esta grande intérprete.



## Fran Núñez

### DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

Fran Núñez é doutor en Ciencias da Comunicación pola UVigo, doutor en Economía Aplicada pola USC, con másteres en Artes e Ciencias do Espectáculo pola UPV/EHU e en Economía da Cultura e Xestión Cultural pola UVa. É licenciado en Publicidade e RR.PP. pola UVigo e titulado superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia.

Foi fundador e director artístico de Limiar teatro e Teatro del Hereje, e participou en numerosos proxectos escénicos con compañías públicas e privadas de España, Portugal, O Brasil, A Arxentina, Uruguai, Bolivia, Francia, Italia, Suecia, Países Baixos, Albania, Eslovenia, Bulgaria ou Grecia, antes de asumir a dirección do Centro Dramático Galego no ano 2020.







# NADA SE SABE

## COPRODUCCIÓN CON CULTURACTIVA

"Nin isto sequera sei, que nada sei; conectúroo, porén, de min e dos demais. Sexa esta proposición a miña bandeira; esta débese seguir: Nada se sabe." Francisco Sánchez, "O escéptico"

*Dúas actrices e dous actores repasan diversos fragmentos da historia da literatura dramática e non só, partindo da idea da diferenza, o/a discriminado/a, o/a diferente, que a sociedade non sabe integrar. Desde o seu propio punto de vista, resignifican eses textos desde esa diversidade, advertindo ao público e á sociedade de que Nada se sabe sobre o que as persoas con discapacidade son, pensan, senten, queren, e da posición que desexan ocupar na vida, na sociedade e na arte. Eles e elas escríbense e invéntanse a si mesmos/as, sen tutelas; elas e eles propoñen un modelo de convivencia compasivo e próximo.*

**DIRECCIÓN:** Ignacio García

**TEXTO ORIXINAL:** *Quod nihil scitur* (*Que nada se sabe*) de Francisco Sánchez e outras pezas

**DRAMATURXIA:** Creación colectiva de Ignacio García, Rubén Bargiela Sierpes, Corina Alfonso Mañá, Elvis García Torres, Carme García Rigau e Fran Rei

**SELECCIÓN E ADAPTACIÓN MUSICAL:** Ignacio García

**ELENCO:** Rubén Bargiela Sierpes, Corina Alfonso Mañá, Elvis García Torres e Carme García Rigau

**AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Fran Rei

**EQUIPO DE PRODUCCIÓN:** Culturactiva Producións

**ESTREA:** xullo de 2024. 40ª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia



## APRENDAMOS A IGNORAR por Ignacio García

Todo é cuestión de nomes. Non hai nome acomodado.

Nin isto sequera sei, que nada sei; conectúroo, porén, de min e dos demais. Sexa esta proposición a miña bandeira; esta débese seguir: Nada se sabe.

Con esas palabras dubitativas e dialécticas comeza a obra capital do tudense Francisco "o escéptico" (Tui, 1550 -Toulouse, 1623), do que acabamos de conmemorar o cuarto centenario da súa morte. Trátase da obra titulada *Quod nihil scitur* (*Que nada se sabe*), que é recoñecida por moitos estudosos como un antecedente da dúbida metódica cartesiana e do cuestionamento sistemático do mundo como medio de aproximación á realidade sen prexuízos. Dubidar é un pensamento revolucionario nunha sociedade de certezas impostas como a nosa.

Dúas actrices e dous actores repasan diversos fragmentos da historia da literatura dramática e non só, partindo da idea da diferenza, o discriminado, o

diferente, que a sociedade non sabe integrar. Desde o seu propio punto de vista resignifican eses textos desde esa diversidade, advertindo ao público e á sociedade de que *Nada se Sabe* sobre o que as persoas con discapacidade, son, pensan, senten, queren, e da posición que desexan ocupar na vida, na sociedade e na arte. Eles e elas escíbense e invéntanse a si mesmos/as, sen tutelas; eles e elas propoñen un modelo de convivencia compasivo e próximo.

O escenario é o ágora pública desde o que proxectar esta reflexión, ás veces literaria, ás veces musical e noutras autorreferencial, pero sempre cunha elevación poética e metafórica. Unha viaxe contada por quen o fai día a día, desde a diversidade funcional, desmontando mitos e prexuízos sobre quen son, que queren e que pensan e senten.

Coa súa peripecia e o seu punto de vista iremos dando conta de que neste camiño á integración real, case NADA SE SABE.



## Ignacio García

### DIRECCIÓN

Ignacio García é licenciado en dirección de escena pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid. Obtivo o premio para Novos Directores, o de Mellor Director pola Asociación de Directores de Escena de España por dúas ocasións e venceu no I Certame de Creación Escénica do Teatro Real de Madrid. Foi adxunto á Dirección Artística do Teatro Español de Madrid, director do Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro e director artístico de Voces de la Lengua e é programador do Festival Dramafest en México.

Dirixiu espectáculos teatrais sobre textos de Sor Juana Inés da Cruz, Calderón, Lope, Cervantes, Hurtado de Mendoza, Quevedo, Vélez de Guevara, Frei Luis de León, Rodríguez Méndez, León Felipe, Alonso de Santos, Ernesto Caballero, Max Aub, León Felipe, José Saramago, Enrique Jardiel Poncela e Juan Carlos Rubio nos escenarios, festivais e compañías nacionais de España, Europa e América Latina. No campo lírico, realizou a posta en escena de máis de 60 títulos do repertorio universal, mostrando unha especial sensibilidade polo repertorio español de todas as épocas, levándoo a toda Europa e América. Tamén ten realizado máis de 30 bandas sonoras con prestixiosos directores e directoras, e compaxina o seu labor como director de escena coa pedagogía impartindo cursos, seminarios e másters en diferentes países.



## Francisco Sánchez

### AUTORÍA

Francisco Sánchez "O Escéptico" naceu en 1551 na localidade galega de Tui e morreu en 1623 tras unha longa vida dedicada ao estudo, ao exercicio da medicina e ao seu ensino, pois desde 1585 foi profesor da Facultade de Medicina de Toulouse. Foi adversario do aristotelismo e do argumento de autoridade. Propugnou un exame directo das cousas que sometese os datos da experiencia á análise e crítica do xuízo. Pero o coñecemento, de todos os xeitos, para Sánchez, só alcanza os accidentes, non as pretendidas esencia das cousas. A única realidade cognoscible é o mundo externo.

A filosofía de Sánchez detense, como logo fará a de Hume, cuxa crítica anticipa, no probabilismo Fenomenolóxico. O noso coñecemento, meramente probable, só o é de aparencias, de fenómenos. A súa esixencia de método tamén é precursora do cartesianismo. Especialmente clara parece a influencia en Descartes da súa obra principal: *Quod nihil scitur* (Lyon, 1581), *Que nada se sabe*.



## Culturactiva A COMPAÑÍA

Con máis de vinte anos de traxectoria, Culturactiva S. Coop. Galega, é un referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada como unha das grandes produtoras e distribuidoras do país, o seu ámbito abrangue os campos da creación e venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo. No apartado da produción teatral, desenvolve un traballo que mestura propostas artísticas anovadoras e de calidade, con compromiso político e orgullo de país, poñendo sempre ao público no centro da súa acción cultural. Na última década, Culturactiva é a responsable dun número importante de espectáculos teatrais, tanto de interior como de rúa, entre os que destacan: *Retrincos de Castelao*, *Saaabor!*, *Dous no Camiño*, *O Valo* e *Vía Morta* (todas elas coproducións con Pallasos en Rebeldía), *Falar sen Cancelas*, *Papar sen Cancelas*, *Rosalía*, *Conexión Pingüín*, *As Alumnas* ou *Castelao*.



# TERCEIRO

# ACTO

## PRODUCCIÓN PROPIA

*Unha troupe de actrices e actores veteranos reúnen-se clandestinamente na noite para emprender a que quizais sexa a súa última aventura xuntos. Nesta noite revivirán o que non volverá para entender, para modificar, para reconciliárense co que xa non está, ao tempo que reflexionan sobre o terceiro acto das súas vidas. Xuntos analizarán o seu legado e proxectaranse tamén no futuro incerto para falar sobre a vellez, a morte, os seus anhelos e desexos para esta etapa da vida. Terceiro acto é unha peza á vez cómica, sombría e fermosa. Un poema escénico sobre a memoria e os soños, un exorcismo, unha celebración da vida e do teatro.*

**DIRECCIÓN E DRAMATURXIA:** Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez  
**ELENCO:** Belén Constenla, Tatán Cunha, Roberto Leal, Fernando Morán e Mabel Rivera  
**ESCENOGRAFÍA:** Marta Pazos  
**VESTIARIO:** Yaiza Pinillos  
**COREOGRAFÍA:** Amaya Galeote  
**ILUMINACIÓN:** Miguel Ruz  
**AXUDANTE DE DIRECCIÓN:** Laura Míguez  
**AXUDANTE DE ESCENOGRAFÍA:** Carmen Triñanes

**ESTREA:** 26 de setembro de 2024

**FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA:** do 26 de setembro ao 20 de outubro de 2024  
**XIRA:** do 21 de outubro ao 17 de novembro de 2024



## OS GARDIÁNS DA MEMORIA por Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez

A idea da conversa sempre está moi presente nos nosos espectáculos. Gústanos a idea do teatro como un foro, como un espazo de negociación que serve para tender pontes, para contradicirnos e para achegarnos uns aos outros.

Esta idea de conversación resúltanos profundamente conmovedora e para *Terceiro acto*, ante a pregunta de como podiamos permanecer vinculados ao pasado, nun tempo no que a fenda entre xeracións é tan grande que parece que non podemos herdar as experiencias dos que nos anteceden, propuxémonos ter unha longa e profunda conversa cun grupo de persoas maiores de 60 anos e que ademais dedicaran a súa vida á arte da interpretación e do teatro.

No camiño atopamos cinco persoas extraordinarias, cinco actrices e actores que se entregaron con absoluta xenerosidade á empresa de utilizar o teatro como un lugar para reencontrarse e reflexionar sobre certas cuestións que foron xurdindo ao longo do proceso e converténdose en relevantes. Reflexionamos

sobre ese esplendor vital que emana moitas veces do que poderíamos dar en chamar “o terceiro acto dunha vida”, preguntámonos como é o proceso de irse facendo maior, falamos dos anhelos, das perdas, dos soños que lles quedan por cumprir dentro e fóra dun escenario, do lugar onde nos coloca a sociedade ao írmonos facendo maiores. Xuntos, lembramos e reflexionamos sobre días pasados, analizamos o impacto da arte na vida destes cinco artistas e buscamos comprender como a historia destas mulleres e homes foi atravesada pola Historia con maiúscula. Cinco persoas que naceron nunha ditadura e que na súa mocidade creron que podían comezar de cero e loitar por un novo mundo. En *Terceiro acto* analizamos tamén o seu legado e formulamos hipóteses sobre como será o mundo cando eles xa non estean.

Neste momento no que a historia corre a una velocidade endiañada, detémonos para escoitar atentamente, nunha especie de soño poético, a aqueles que van diante de nós, os gardiáns da memoria.



## Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez

### DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez son Teatro En Vilo. No ano 2013 fundan en Londres a compañía, que funciona como plataforma para colaboracións internacionais e interdisciplinarias entre creadores de escena, artistas e investigadores que proveñen de distintos países de todo o mundo.

A compañía persegue un constante diálogo co seu contorno social, político e persoal, o que a obriga a renovar constantemente a súa linguaxe escénica.

Desde os seus espectáculos, Andrea e Noemi buscan situarse na fina liña que separa o teatro da vida e a ficción da realidade. Combinando o improvisado e o coreográfico, o grotesco e o autobiográfico, o humor absurdo e a comedia xestual, a tenrura e a irreverencia, o tándem creativo que forman Andrea Jiménez e Noemi Rodríguez lanzouse á apaixonante aventura de intentar desentrañar o tempo no que vivimos.







# CELEBRACIÓN DO 27 DE MARZO

## VISITAS DRAMATIZADAS AO SALÓN TEATRO CON GALEATRO

*O Centro Dramático Galego cumpre 40 anos de historia no Día Mundial do Teatro do 20214 e, con este motivo, Galeatro deseña unha visita dramatizada polas entrañas da institución. Despois dunha serie de entrevistas con traballadores e traballadoras do CDG (actuais e anteriores), a compañía carballeza pretende achegarlles aos espectadores anécdotas, lendas e historias que aconteceron durante estas catro décadas. E todo isto dun xeito ameno e divertido, poñendo en valor os fitos conseguidos e subliñando os retos que aínda quedan por acadar.*

**DIRECCIÓN:** Alba Bermúdez e Tone Martínez

**DRAMATURXIA:** Alba Bermúdez e Tone Martínez

**ELENCO:** Luma Gómez, Carlos Sante, Tone Martínez e Alba Bermúdez

**DESEÑO DE VESTIARIO:** Alba Bermúdez

**ESTREA:** 27 de marzo de 2024

**Horarios das visitas:** 18.00 h, 19.00 h, 20.00 h, e 21.00 h.

O número de persoas estará limitado a 12 en cada unha das catro quendas e para anotarse cómpre chamar ao teléfono 881 867 229 (de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 h).



© Matteo Bertolino

## Alba Bermúdez e Tone Martínez

### DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

Alba Bermúdez é licenciada en Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramático de Galicia. No 2013 realizou o Máster de Artes Escénicas na Universidade Rey Juan Carlos e no 2014 o Postgrado de Arte Cultura e Intervención Social. O seu percorrido profesional como actriz abrangue compañías como Triatreros, Contraproducións ou Galeatro, da cal é fundadora. No eido audiovisual participou en *Serramoura*, na webserie *Dälle Jas* ou na curta *As Peixeiras*. Como narradora oral, percorre as bibliotecas de Galicia coa súa sesión de contos *Comechíns, segundo prato* e *As aventuras de Mariña*. A súa labor como actriz e como narradora oral, complementase co desenvolvemento de obradoiros de artes escénicas. Actividade esta que leva exercendo na última década.

Tone Martínez é licenciado en Arte Dramática na ESAD de Galicia, este actor, formador e narrador oral especializouse na improvisación teatral con mestres como Gustavo Miranda ou Omar Argentino. Funda, xunto con Alba Bermúdez, a compañía Galeatro, coa que realiza varios espectáculos dirixidos ao público familiar e adulto. Ademais das montaxes propias, destacan os traballos realizados en compañías como Triatreros ou o Centro Dramático Galego onde formou parte do elenco dos espectáculos *Divinas Palabras Revolution*, dirixido por Xesús Ron e *A Peste*, de Cándido Pazó. No eido audiovisual, foi actor de reparto en series como *Serramoura* e *Pazo de Familia*. Como formador, imparte diversos obradoiros en distintas escolas de teatro de Bergondo, Oleiros, Coruña e Ordes.



## Galeatro A COMPAÑÍA

Fundada polos intérpretes Alba Bermúdez e Tone Martínez, Galeatro é a primeira compañía de teatro profesional de Carballo. Está especializada no público familiar e a súa liña de traballo esténdese desde a formación artística ata a produción de espectáculos de pequeno e gran formato. Algunhas das pezas que representaron son: *Comechíns*, *segundo prato*, *Entre Bechos Anda o Conto*, *Muiñada* ou *Carabela*. En 2022, Galeatro estreou o seu primeiro espectáculo para público adulto en coprodución co Centro Dramático Galego, *Arte sen Guión*, unha especulación escénica de como podería ter sido o teatro medieval en lingua galega.

No eido da formación, Galeatro está presente en escolas de teatro de Bergondo, Carballo, Coruña, Oleiros e Ordes. Conta con máis de 200 alumnos e alumnas que grazas a estas actividades xa forman parte, dalgunha maneira, do sistema teatral galego. Galeatro naceu coa vontade de promover a creación escénica contemporánea en lingua galega, contando para iso con dramaturgos e dramaturgas galegas vivas. Mostra disto son os seus espectáculos de sala *Muiñada*, escrito por Ana Carreira, e *Carabela* e *Wombo Combo*, de Paula Carballeira.



40

1984 - 2024

**CDG**



40

1984 - 2024

**CDG**



[www.centrodramatico.gal](http://www.centrodramatico.gal)

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg\\_salonteatro](https://www.instagram.com/cdg_salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)



CENTRO  
DRAMÁTICO  
GALEGO